

27 de setembro de 2018

MEDITERRANEA



Dirección: Jonas Carpignano

Intérpretes: Koudous Seihon e Alassane Sy
Italia, 2015 - 107 min (VOS en castelán)

Formato: DVD

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* PREMIOS SPIRIT AWARDS 2015: 3 NOMEAMENTOS, INCLUÍNDO MELLOR ACTOR (SEIHON)

* NATIONAL BOARD OF REVIEW 2015: MELLORES PELÍCULAS EXTRANXEIRAS, DIRECCIÓN NOVEL

* PREMIOS GOTHAM 2015: MELLOR NOVO DIRECTOR

Ayiva parte co seu amigo Abas da capital de Burkina Faso, atravesando o deserto, baixo temperaturas aterradoras e os ataques de saqueadores armados, ata chegar a Libia e subirse nunha lancha neumática destartada rumbo a Sicilia. A viaxe ao completo dun grupo de africanos ata as costas de Italia. A película non se detén aí e a súa segunda parte fala das difíciles condicións laborais e as poucas saídas que lles ofrece a vida en Occidente.

Coloquio con mienbros das seguintes **ONG locais:** SOS Racismo, Ecos do Sur, Ecodesarrollo Gaia, Accem.

HORARIO PROYECCIONES: 19:00 h

ENTRADA: Libre (até completar a capacidade)

SALA MARILYN MONROE

CICLO "OS OLLOS ABERTOS"

"Os ollos abertos" é un ciclo de cinema organizado pola ONG A.I. R.E. e coordinado polo xestor cultural Javier Trigales.

O tema elixido é o de "As persoas refuxiadas" xa que o traballo na ONG A.I. R.E. desenvólvese principalmente xunto a elas. O propósito do ciclo é que a público abra os ollos ás imaxes que van ver e tamén os abra fronte a esta crise humanitaria que se está vivindo na actualidade, crise que non sempre se trata coa importancia e o rigor necesarios.

Ao finalizar cada pase haberá un pequeno coloquio con invitados especializados na materia e profundarase acerca da temática proposta pola película.

24 de setembro de 2018

ALMA MATER



Dirección: Philippe Van Leeuw

Intérpretes: Hiam Abbass e Diamand Bou Abboud
Francia, 2017 - 83 min (VOS en castelán)

Formato: DVD

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS

* FESTIVAL DE BERLÍN 2017: PREMIO DO PÚBLICO (SECCIÓN PANORAMA)

* FESTIVAL DE COPENHAGUE 2017: PREMIO DO PÚBLICO

* FESTIVAL DE SEVILLA 2017: PREMIO DO PÚBLICO

Oum azan, nai de tres fillos, atrapada dentro da súa casa nunha cidade asediada, converteu o seu apartamento nun porto seguro para a súa familia e veciños, tratando de protexelos da guerra. Cando as bombas ameazan con destruír o edificio, os francotiradores converten os patios en zonas mortais, e os ladróns entran a reclamar as súas terribles recompensas, manter o equilibrio da rutina dentro das paredes convértese nunha cuestión de vida ou morte. Unha película asfixiante sobre o que é o infernal día a día nunha cidade asediada, nun país en guerra (neste caso, Siria).

Coloquio con **Araceli García do Soto:** Psicóloga e experta en Dereitos Humanos da Universidade de Fordham (Nova York), Entre outras cousas, é Doutora membro do centro de estudos avanzados en ciencias sociais, da Fundación Juan March en Madrid. Asesorou Teses Doutorais en Universidades de España, Sri Lanka e USA, e imparte formación en Masters de Inmigración e Cooperación Internacional, e Cursos de Dereitos Humanos.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
► PRÓXIMA

FORUM METROPOLITANO

25 de setembro de 2018

69 MINUTES OF 86 DAYS



Dirección: Egil Håskjold Larsen

Intérpretes: Lean Kanjo e Bashar Kanjo
Noruega, 2007 - 83 min (VOS en castelán)
Formato: DVD

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

Unha paisaxe chea de chalecos salvavidas, zapatos abandonados e desperdicios, anuncia o final da viaxe dun grupo de persoas que acaba de arribar á costa grega. Lean, unha nena de tres anos, será nosa guía na odisea da súa familia para chegar a un pobo de Suecia, onde outros familiares están a esperarlles. Sen ningún tipo de explicación nin voz en off, a película transmite todo o caos e desconcerto das primeiras horas dun grupo de refuxiados nun país que descoñecen.

TOUT LE MONDE AIME LE BORD DE LA MER



Dirección: Keina Raquel Espiñeira

Guión: Samuel M. Delgado e Keina Espiñeira
España, 2016 - 17 min (VOS en castelán)
Formato: Blu-ray
APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

Un grupo de homes espera nas marxes dun bosque costeiro para viaxar a Europa. Atópanse nun limbo no tempo e o espazo. Mitos do pasado colonial chocan con soños de futuro. Curtametraxe climática e sensorial sobre varios africanos esperando nun bosque da fronteira ceutí, nunha especie de limbo.

Coloquio con **Keina Espiñeira** investigadora en xeografía humana e realizadora de cinema documental. A súa práctica artística xorde do cruzamento entre arte e política. A través do vídeo, a fotografía e as paisaxes sonoras explora os cambios que se producen nas fronteiras contemporáneas e os movementos migratorios entre África e Europa. Traballou en diferentes universidades de Marrocos, Holanda e Estados Unidos. Na actualidade é investigadora e profesora na Universidade da Coruña, membro do **Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI)**.

26 de setembro de 2018

FUOCOAMMARE



Dirección: Gianfranco Rosi

Intérpretes: Pietro Bartolo e Samuele Caruana
Italia, 2016 - 109 min (VOS en castelán)
Formato: DVD

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 7 ANOS

* FESTIVAL DE BERLÍN 2016: OSO DE OURO - MELLOR PELÍCULA
* PREMIOS DO CINE EUROPEO 2016: MELLOR DOCUMENTAL

A illa de Lampedusa é o punto máis meridional de Italia, que desde 1990 converteuse nun lugar masivo de desembarco de inmigrantes ilegais procedentes de terras africanas. En pouco máis de 20 anos, máis de 20.000 persoas afogáronse durante a travesía para alcanzar o que para moitos supón vía de entrada a Europa, e que lles debería permitir escapar da guerra e a fame. Samuel vive na illa, ten 12 anos, vai á escola, gústalle tirar coa fonda e ir de caza. Gústalle os xogos de terra, a pesar de que todo á súa ao redor fala do mar e dos homes, mulleres e nenos que tentan cruzalo para chegar alí. Oso de Ouro no Festival de Berlín. Un documental poético que relaciona aos habitantes da illa de Lampedusa cos emigrantes que chegan nas pateras construíndo un relato polifónico e con múltiples capas.

Coloquio con **Federico Pichel**: estudou Ciencias económicas e empresariais pola universidade da Coruña, pero exerce como bombeiro desde hai máis de 14 anos, traballo que compaxina co seu voluntariado en **ONG A.I. R.E.** da que é o actual presidente. Formouse especialmente no mundo das emerxencias no medio acuático e sanitario, sendo mergullador profesional na especialidade de rescate, especialista en salvamento e socorrismo acuático.